

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE MAIO DE 2018
POLA QUE SE AMPLÍA O PRAZO DE PRESENTACIÓN
DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DO 17 DE
ABRIL DE 2018 DE 1 BOLSA IBEROMÉRICA-
SANTANDER INVESTIGACIÓN PARA O CURSO 2018-19**

O programa de Bolsas Iberoamérica Santander Investigación é un proxecto co que se pretende reforzar a mobilidade e o intercambio de xoves profesores/as e investigadores/as e alumnos/as de doutoramento entre universidades e centros de investigación iberoamericanos, condición necesaria para avanzar cara a construción dun espazo iberoamericano do coñecemento socialmente responsable.

No marco do convenio asinado co Banco Santander a este programa, a Universidade de Vigo poderá publicar unha soa bolsa. Polo tanto, esta Reitoría


RESOLVE

Ampliar o prazo de presentación de solicitudes ata o día **11 de maio de 2018**.


Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR
Por Delegación (R.R. do 29/06/2017)
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 4 de maio de 2018
O secretario do vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Alejandro Cadabón Figueroa